

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN DE CALIDADE DA  
FACULTADE DE HISTORIA DO 7 DE XUÑO DE 2018

**Lista de asistentes**

**Presidenta, decana e coordinadora de calidade**

Reboreda Morillo, Susana

**Secretaria e representante do PAS**

Josefina T. Cadilla Lomba

**Coordinadora de Grao**

Vaquero Díaz, Beatriz

**Coordinador do Mestrado en Valoración,  
Xestión e Protección do Patrimonio  
Cultural**

Pérez Losada, Fermín

**Coordinadora do Mestrado en Arqueoloxía  
e Ciencias da Antigüidade**

Comendador Rey, Beatriz

**Estudantes**

Souto Castro, Iria

**Membros da sociedade**

Eguileta Franco, José María

Díaz Naya, Rosa María

**Desculpan a súa ausencia**

**PDI**

Barriocanal López, Yolanda

López Díaz, María

Presedo Garazo, Antonio (colaborador de calidade)

**Membros da sociedade**

Garrido Labrador, Begoña

Na sala de profesores do Edificio de Ferro do campus de Ourense, reúnen os membros da Comisión de Calidade, o xoves 7 de xuño de 2018, ás 13.00 horas en segunda e definitiva convocatoria, co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 4 de maio de 2018.

2.- Informe da presidenta.

3.- Validación, se procede, das alegacións ao informe provisional de acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.

4.- Validación, se procede, do plan de promoción do centro para o curso 2018-2019.

5.- Validación, se procede, da prórroga ou cambio do Plan de Acción Titorial e análise do informe do Plan de Acción Titorial correspondente ao curso 2017 – 2018.

6.- Rogos e preguntas.

Da comezo a decana á sesión ordinaria da Comisión de Calidade dando lectura aos nomes dos membros que escusan a súa ausencia e que figuran ao marxe desta acta.

## 1.- Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria do 4 de maio de 2018.

Apróbase por asentimento.

## 2.- Informe da presidenta.

Explica a decana que chegou fai uns días ao decanato un escrito do alumnado de primeiro de grao que afecta ao Prof. Fermín Pérez , procede a dar lectura ao mencionado escrito:

*O grupo de 1º de Xeografía e Historia presentan unha reclamación porque non lles parece coherente que o profesor da materia de “Teoría e método da arqueoloxía”, Fermín Pérez Losada, outorgue bonificacións académicas a aqueles estudantes que puideron asistir ás viaxes de estudos de Italia e de Zamora-Portugal. Os motivos que defendemos son os seguintes:*

*1º) Non obedece a ningún criterio de mérito e capacidade académicos que son os factores nos que debe descansar toda acción educativa que se exerza de forma democrática.*

*2º) Existen alumnos que non poden afrontar a participación nesas viaxes por razóns económicas, familiares ou incluso laborais.*

*3º) Non se propuxo ningún tipo de actividade alternativa substitutoria para os alumnos que non puideran asistir, tal e como se ten establecido na metodoloxía xeral das materias da carreira.*

*4º) Non se avisou de ningunha maneira de que a asistencia ás viaxes de estudo poderían reportar bonificacións na nota final.*

*5º) Estas viaxes de estudos non constan na guía docente, nin tampouco como puntuables, polo que consideramos como inapropiadas as decisións que se están realizando a tal efecto, máxime cando non temos oportunidade de adquirir esa puntuación por medio de outra actividade alternativa.*

*Sendo sabedores de que o profesor titular da materia xa foi advertido o ano pasado desta situación irregular pola delegación de alumnado, por isto presentamos o presente escrito á administración da Facultade de Historia para solicitar que se anulen as bonificacións outorgadas para que todos os alumnos poidan competir polas notas de forma igualitaria e sen discriminacións.*

A coordinadora do grao, Beatriz Vaquero, comenta que xa falou con Fermín Pérez e quedou que falaría que retirará a proposta, pedirá tamén desculpas as

persoas afectadas dado que esta actividade non está contemplado na guía docente e polo tanto non pode influír na avaliación.

A decana comenta que hai outro escrito pendente, do alumnado semipresencial, e que solicitou que o enviaran o antes posible porque nestes momentos estase a traballar nas guías docentes. A coordinadora de grao comenta que aínda non lle chegou.

Incorporase á sesión o Profesor Fermín Pérez e retómase o tema do escrito presentado polo alumnado de primeiro de grao. Volven intercambiar opinións sobre o tema tanto el como as profesoras Beatriz Vaquero, Beatriz Comendador e Susana Reboreda concluíndo o xa comentado.

Procédese a continuar co informe.

Rematou o prazo das enquisas de satisfacción. Nas de grao houbo unha participación aproximada dun 76% e nas do mestrado dun 37,84%. En ambos casos rexístrase un incremento de participación respecto a cursos precedentes, sen embargo no mestrado segue sendo baixa polo que hai que tentar que continúe esta tendencia.

Este ano a facultade está incluída nun proxecto piloto para realizar as enquisas de avaliación docente ao alumnado semipresencial, xa se enviaron por correo electrónico e pensa que tamén se accede a través da secretaría virtual.

A Prof<sup>a</sup>. Beatriz Comendador comenta que o ano pasado presentou unha reclamación e que este ano volverá presentala porque non se realizan as enquisas de avaliación docente para o Mestrado en Arqueoloxía e Ciencias da Antigüidade que se realiza conxuntamente coa Universidade de Santiago de Compostela. A decana proponlle que realice de novo esa reclamación e ela solicitará que as enquisas de valoración docente dese mestrado se realicen tamén como se están a realizar coa modalidade semipresencial do grao. Beatriz Comendador explica que o alumnado da Universidade de Vigo que está realizando esa titulación pode encher as enquisas do profesorado de Santiago pero non os da Universidade de Vigo. Comenta que leva cinco anos dando clases nese mestrado e que polo tanto leva cinco anos sen avaliación docente na docencia que nel imparte.

A decana confirma que efectivamente ese é un inconveniente de cara á valoración da actividade docente do profesorado da facultade que imparte docencia nesa titulación.

**3.- Validación, se procede, das alegacións ao informe provisional de acreditación do Mestrado en Valoración, Xestión e Protección do Patrimonio Cultural.**

Pregunta o representante da sociedade José María Eguileta porque se afirma no informe que hai que garantir na aplicación de Enquisas de Avaliación docente, a confidencialidade do alumnado.

Explica a Prof<sup>a</sup>. Beatriz Comendador que durante a visita da Comisión se fixeron preguntas en relación a como se realizaban. Indicoulles que desde a coordinación do mestrado implementáronse as enquisas de avaliación docente coa mesma estrutura, pero dentro da plataforma Fatic . O problema é que con este sistema non se garante a confidencialidade para o alumnado porque realizando diferentes pesquisas pódese chegar a deducir a identidade. Beatriz Comendador comentoulles ás persoas que realizaron a visita que foi un sistema que reportou beneficios porque se corrixiron moitos aspectos a través das valoracións que se fixeron pero, en realidade non é como ten que funcionar, porque deben realizarse desde a vicerreitoría competente e garantir o anonimato das persoas participantes.

A decana aclara que este problema se solucionará en breve porque xa está en marcha a experiencia piloto comentada anteriormente.

Respecto as alegacións ao informe provisional de acreditación do mestrado, a decana expón que desde o seu punto de vista a valoración que se realizou do título non é negativa (todos os criterios un B), pero considera que se poderían obter algún "A". Por ese motivo enviou o borrador de alegacións á Área de Calidade e incluíronse unha serie de puntualizacións, cuxo resultado enviouse coa convocatoria desta xuntanza. Destaca especialmente aqueles apartados nos que se os avaliadores non alegan ningunha necesidade de mellora e polo tanto non debería ser un "B" se non un "A".

En relación á dimensión 2: Recursos. Recomendacións para a mellora: se recomenda potenciar a participación do profesorado en programas de mobilidade. Vaise alegar que nas cifras mostradas no portal de transparencia publicados pola Unidade de Análises e Programas da Universidade de Vigo se computan unicamente as estancias asociadas a programas de mobilidade Erasmus e Propias, pero isto en realidade non implica que o profesorado non realice estancias porque efectivamente asisten a congresos, realizan estadias fóra, e iso é mobilidade tamén.

Intercambian as súas opinión a decana Susana Reboreada, o Prof. Fermín Pérez Losada e a Prof<sup>a</sup>. Beatriz Comendador, en torno ao feito que por estancias se entenda un período superior a tres meses, sen embargo as estancias Erasmus non son máis dunha semana.

Polo que respecta ao tema de Orientación profesional propón a decana que se lle solicite ao persoal da Área de Emprego da Universidade de Vigo que realice unha exposición gravada nas que se expliquen as saídas laborais de mestrado ao igual que fan de xeito presencial co grao. Esta acción podería considerarse acción de mellora.

Iníciase un debate e intercambio de opinións sobre distintos puntos do informe de alegacións que se incorporan ao documento final.

Intervén o representante da sociedade, José María Eguileta, para falar das saídas profesionais e das posibilidades de emprego que se poden dar en relación ao patrimonio artístico, patrimonio etnográfico, e as novas posibilidades de emprego que se poden ver coas novas normativas que sobre a materia están saíndo. Desde o seu punto de vista habería tamén que cubrir ese baleiro que deixou a Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia. Propón meter máis materias optativas para cubrir ese espazo que deixou a citada escola.

O Prof. Fermín Pérez comenta que habería que informarse de como se podería contemplar a posibilidade de introducir novas optativas para cubrir ese baleiro que puidera existir e tentar efectivamente de incrementar a optatividade.

Comenta a decana que tamén habería que informarse sobre a opción de Erasmus Mundus para este mestrado dado que hai un instituto de Portugal que hai pouco tempo visitounos moi interesadas en compertir a titulación.

Intercambian opinións sobre o tema e sobre as prácticas Erasmus a Prof<sup>a</sup>. Beatriz Vaquero, a decana Susana Reboreda e o Prof. Fermín Pérez Losada.

Finalmente, coas melloras e aportacións comentadas na sesión, válidase o informe por asentimento.

#### **4.- Validación, se procede, do plan de promoción do centro para o curso 2018-2019.**

Explica a decana que o plan que se enviou coa convocatoria está actualizado, suprimindo o que non foi efectivo. Por primeira vez inclúe unha reflexión sobre os resultados do aprobado no curso pasado.

Como novidade máis significativa está a experiencia das “I Olimpíadas de Historia” que acabaron con balance positivo, acudindo 28 centros de Secundaria de toda Galicia e as impresións recollidas foron en xeral moi positivas. Recoñece que houbo fallos froita da inexperiencia e que se mellorarán na segunda edición. Por exemplo algunhas preguntas tiñan moi

distintos graos de dificultade. Considera que tamén hai que modificar o tema dos rebotes. Participaron máis grupos dos que contabamos, e a primeira proba resultpu demasiado curta con 8 grupos en cada aula, o que provocou que persoas que viñeran de moi lonxe quedaron descualificadas aos 45 minutos e a experiencia sóubolles a moi pouco. Considera que hai que ser autocríticos e tentar mellorar. Houbo aulas nas que as persoas que formulaban as preguntas foron moi estritas, e faltoulles flexibilidade. Son problemas que hai que arranxar tendo máis interacción co profesorado de Secundaria, incluso solicitándolles que envíen preguntas, imaxes e textos. Ten ademais que haber un xuíz en cada aula familiarizado coa temática a tratar.

Conclúe dicindo que o balance foi moi positivo e que lle provocou moita ledicia que viñeran, agora como mestres, moitos antigos alumnos e alumnas aos que se agasallou cunha camiseta da facultade. Foi unha experiencia interesante e non moi cara, que tivo moita repercusión en prensa. Por todos estes motivos considera que hai que organizar a “II Olimpíada de Historia” e inclúese dentro do plan de promoción do centro.

Valídase por asentimento o plan de promoción.

## **5.- Validación, se procede, da prórroga ou cambio do Plan de Acción Titorial e análise do informe do Plan de Acción Titorial correspondente ao curso 2017 – 2018.**

Informa a decana que o curso pasado introducíronse cambios substanciais e propón que se aprobe a prórroga, opina que o sistema de un/ha titor/a por curso é o máis lóxico polas características do centro. O ideal sería que o profesorado rotara e desde o decanato mandouse un correo electrónico ao profesorado.

Valídase por asentimento a prórroga do Plan de Acción Titorial.

## **6.- Rogos e preguntas.**

Non se presentan.

Ao non haber máis asuntos que tratar, remata a sesión ás 14.00 h do día 7 de xuño de 2018, da que eu como secretaria dou fe, co visto e prace da decana.

A decana

A secretaria

Susana Reboreda Morillo

Josefina T. Cadilla Lomba